



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 3793/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Procedemento Xenérico/ Procedimiento Genérico

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Visto que O Concello de Vilalba ten dentro dos seus fins a promoción, coordinación, fomento e organización de actividades e servizos físico-deportivos para contribuír ao desenvolvemento da cultura física da poboación do municipio no exercicio das competencias municipais para o fomento do deporte recollidas no artigo 25.2.I) da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Neste mesmo sentido se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia a través do artigo 80, sendo competencias do Municipio, entre outras: as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo, así como a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade. E tamén a Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia a través do seu artigo 8, segundo o cal son competencias das administracións locais, entre outras, o fomento, promoción e difusión do deporte, especialmente en idade escolar ou a organización de campionatos e eventos deportivos de carácter local.

Vista a iniciativa da Alcaldía para poñer en marcha un evento competitivo deportivo non federado para maiores de 16 anos a celebrar os días 20, 21 e 22 de agosto na pista de fútbol 3x3 da área recreativa da Madalena, que servirá para o fomento e práctica da actividade físico deportiva entre a poboación xuvenil e adulta de Vilalba.

Vistas as bases elaboradas polos servizos técnicos municipais e visto que a instalación deportiva proposta para a celebración do citado evento, a pista de fútbol 3x3 da área recreativa da Madalena é axeitada para o uso en cuestión e tendo en consideración que se disporá das medidas básicas preceptivas para garantir a saúde dos participantes.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1283 de 8 de agosto de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR/2025/1283 de 8 de agosto de 2025.





A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

Tendo en conta o anteriormente exposto, e considerando que a aprobación das presentes bases é competencia da Alcaldía da Corporación, **resolvo:**

Primeiro. Aprobar as Bases do I Torneo 3x3 San Ramón que se celebrará o 20, 21 e 22 de agosto de 2025, na área recreativa da Madalena.

Segundo. Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a súa notificación aos terceiros interesados no expediente.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**




TORNEO 3x3 SAN RAMÓN

20 - 22 agosto 2025



Concello de Vilalba



CATEGORÍAS

- Para maiores de 16 anos
- Mixta
- Feminina

INSCRICIÓNS

- De balde
- Ata o 14 de agosto 2025
- Sede electrónica ou rexistro xeral





Concello de Vilalba

BASES DO I TORNEO 3X3 SAN RAMÓN (Concello de Vilalba)

20-21-22 DE AGOSTO DO 2025

Aprobadas por Decreto da Alcaldía

Cláusula 1.- OBXECTO. Establecer as bases de inscrición e o regulamento deportivo do I Torneo 3x3 San Ramón (Concello de Vilalba).

Cláusula 2.- INSCRICIÓN. Inscricións de balde para a categoría mixta ou feminina ata o **14 de agosto** de 2025 ás **12:00 horas**, indicando na instancia xeral os seguinte datos:

- Competición na que se inscribe: **Mixta ou feminina.**
- Nome do equipo
 - No caso de que o nome do equipo atente contra a moral, o decoro ou a orde pública, a organización reserváse o dereito a modificalo.
- Teléfono e correo electrónico do responsable
- Nome apelidos, DNI e data de nacemento dos integrantes do equipo
 - En caso de participantes menores de idade, autorización paterna/materna/titor legal para participar na competición e a cesión da imaxe.

Cláusula 3.- DATA e LUGAR DO EVENTO.

Vaise celebrar os días 20, 21 e 22 de agosto de 2025 na pista de 3x3 sita na área recreativa da Madalena a partir das 18:00 horas.

A inscrición mínima para celebrar o torneo será de **8 equipos** por categoría.

Cláusula 4.- CATEGORÍAS.

Categorías mixta e feminina para **maiores de 16 anos**, para un máximo de 16 equipos por categoría.

Cada equipo contará cun **mínimo de 3** e un máximo de **4 participantes**.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

Cláusula 5.- SISTEMA DE COMPETICIÓN

A duración dos partidos establecerase unha vez finalizado o prazo de inscrición.

O sistema de competición dependerá do número de equipos inscritos, contando en calquera dos casos cunha fase previa de round robin (mércores 20 e xoves 21) e unha fase final eliminatoria (venres 22)

No round robin por cada partido gañado os equipos obterán 3 puntos, empatado 1 punto e perdido 0 puntos. En caso de empate, terase en conta o enfrontamento particular entre equipos e de persistir o empate a diferenza de goles xeral.

En caso de empate na fase final, disputarase un período extra que finalizará cun único gol de ouro, finalizando o tempo de prórroga no momento no que un de ambos equipos consiga o primeiro gol que desfaga o empate.

Cláusula 6.- PREMIOS.

Premios para os equipos campións, subcampións e terceiros clasificados de cada categoría.

Cláusula 7.- OUTRAS DISPOSICIÓN.

- **Seguros.** A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos obrigatorio para os participantes.
- **Alcohol.** Está prohibido participar no Torneo baixo os efectos do alcohol e outras substancias psicotrópicas.
- **Saúde.** Coa inscrición os integrantes dos equipos manifestan estar en condicións aptas de saúde para participar na competición.
- **Recoñecemento médico.** Con todo, é aconsellable someterse a un recoñecemento médico previo, antes de participar na competición, sobre todo, aqueles interesado que permanecesen inactivos deportivamente durante algún tempo ou presenten patoloxías que poidan afectar á práctica deportiva.
- **Dereitos de imaxe.** A inscrición ou participación no torneo suporá a cesión dos dereitos de imaxe ao Concello de Vilalba por parte de tódolos participantes. Todo aquel xogador, membro da organización ou público que non desexe participar coa súa imaxe nos actos do torneo deberá comunicalo por solicitude escrita

Cláusula 8.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO DO TORNEO.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

A inscrición e participación no Torneo supón a aceptación das normas.

A organización do Torneo reservarase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento, que será dirimida pola Concellaría de Deportes.





Concello de Vilalba

AUTORIZACIÓN PATERNA/MANTERNA/TITOR LEGAL XOGADORES/AS MENORES DE IDADE PARA PARTICIPAR NUN TORNEO

Don/Dona _____
maior de idade, con **DNI** _____
e domicilio en _____
en calidade pai/nai/titor legal do meu/niña **fillo/a**
_____ con DNI _____

Pola presente manifesto coñecer as Bases do **I Torneo 3x3** San Ramón (Concello de Vilalba) e autorizo ao meu/niña fillo/a para inscribirse e participar no devandito Torneo que se celebrará na pista de 3x3 da área recreativa da Madalena os días 20, 21 e 22 de agosto a partir as 18:00 horas.

Coñecendo e aceptando os termos das Bases, así como asumindo a responsabilidade que de esta participación se puidera derivar, en proba de conformidade asino a presente autorización.

En Vilalba a _____ de agosto de 2025.

Asinado.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815

Cod. Validación: 5M9432EAGNDLYDILXLGWQ56M
Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestona esPublico | Páxina 7 a 7

